

O xornal da Terra de Melide

Nº 90. Xullo 2013. Distribución gratuíta

Melide reconece o legado dos seus gaiteiros máis universais

Os Garceiras reciben a título póstumo a medalla de Melide “en homenaxe e agradecemento á súa traxectoria e ao labor feito a prol do concello”. Familiares e amigos destes lendarios gaiteiros da parroquia dos Ánxeles participaron o día de San Pedro nun acto de recoñecemento público no que se destacou o empeño da agrupación en soster e divulgar a cultura tradicional durante os difíciles tempos da guerra e da posguerra. P19



EMPRESA

Asetem-Cca e a EFA Piñeiral colaboran para promover a FP dual P5

COMARCA

Santiso inicia unha nova etapa política co cambio de alcalde P13

CULTURA

Escuela Ayude consegue un ouro histórico para a esgrima galega P20

ENTREVISTA



**Lila
Quinteiro,
Tu Boutik
P23**

Premio á mellor tapa para unha fusión de tradicións




Casa Quinzán convence a clientes e xurado e gana o primeiro premio da IV Ruta “Melide de Tapas” fusionando a cociña galega, arxentina e mediterránea. P3

A falta de axudas obriga a cancelar o V Rali de Galicia



A organización non foi quen de reunir os cartos necesarios e decidiu suspender a proba, prevista para setembro. Crítica o escaso apoio do goberno local. P19



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Segregacións e agrupacións

- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Catastro

- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc.
- Imposto de sucesións

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Que pasa coa Ponte da Regada?

Hai case medio ano que os veciños de Santiso e de Arzúa deixaron de transitar sobre a Ponte da Regada. As fortes choivas e as enchentes danaron a estrutura do paso que comunica os dous concellos e a que no seu día foi unha sabida decisión, a de prohibir o tráfico rodado por seguranza e para evitar desgustos, está a ter unhas desagradables consecuencias para quen o utilizaba a diario. Enténdense os prazos administrativos e enténdese que se precise certo tempo para facer as cousas con garantías e axustándose á lei. Pero non se entende esta demora desesperante.

Que pasa coa Ponte da Regada? Como se explica que non haxa cartos para unha infraestrutura en cuxo arranxo están implicados os concellos, a Deputación e a Xunta? Que significan 268.890 euros que custa o proxecto para administracións que manexan tan abultados orzamentos? Mesmo en épocas de grandes titulares económicos, resulta difícil crer que as consecuencias da crise cheguen tan lonxe.

Só queda marxe para facer interpretacións. Quizais isto pase porque o rural nunca é unha prioridade, porque segue a ser invisible como sempre aconteceu e, sobre todo, porque suma poucos votos. Quizais isto pase porque o arranxo da Ponte da Regada,



lonxe de ser unha cuestión de burocracia, cartos ou prazos, é unha mera cuestión política; unha desas liortas de cores que tan pouco interesan aos cidadáns pero que tanta importancia teñen para quen di representarnos e defender os nosos intereses. Eles no seu mundo e os cidadáns noutro.

E se nos representan, por que custa tanto entender que o único que quere a xente é que a ponte se amañe xa? Onde vai a vocación de servizo público da que tanto se fala cando se pide a nosa confianza? Servizo público é estar a carón dos veciños e solucionar os seus problemas, sexan grandes ou pequenos. Neste caso estamos a falar dunha cuestión vital, de necesidade, urxente. Poida que a estrada que comunica Santiso con Arzúa sexa es-

treita, que non teña beirarrúas nin iluminación e que vaia polo medio do monte, pero é a estrada que utiliza moita xente e moitos negocios no seu día a día. Teñen dereito a ela porque sen ela a súa vida é moito máis complicada.

É momento para a mobilización cidadá. Non se pode agardar máis polo que non dá chegado. Semella que ninguén vai vir solucionar os problemas e toca xa que logo coller a iniciativa. O pobo debe dar unha vez máis mostra de unidade, como se produciu outras moitas veces na comarca, e esixir o que lles corresponde por dereito, que son unhas vías de comunicación dignas. Non se trata de pedir ningún favor nin de agraviar a ninguén. Simplemente se trata de reclamar dereitos.

Tribuna de opinión

Descrédito

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



En días nos que nos anuncian repetidamente a chegada da recuperación económica, coñecemos de man das últimas estatísticas do Banco de España que o crédito concedido pola banca ás empresas caeu un 27% dende os máximos de 2009. Lemos tamén o Informe Pyme 2012, que reflexa como as empresas que sufriron restricións á hora de conseguir financiamento perderon de media 1,5 traballadores o ano pasado mentres que as que obtiveron préstamos crearon 1,1 empregos. E sacamos conclusións que non é preciso explicar.

Asistimos ao mesmo tempo no que á realidade de Galicia se refire á inminente venda e máis que probable desaparición como tal da que ata non hai moito foi a gran entidade

financeira galega; Novagalicia Banco. Sen saber aínda quen será o comprador, o único certo é que queda no limbo o compromiso que se lle supoñía á entidade co territorio galego, coas empresas instaladas nel e co seu financiamento.

Se Galicia perde o que debería ser o motor de saída da crise, debemos facernos algunhas preguntas. A primeira delas, se valeron de algo os millóns de euros procedentes de fondos públicos que se inxectaron na entidade. A segunda, se o esforzo financeiro feito polos cidadáns en xeral e os galegos en particular debería reverter no seu beneficio.

Pase o que pase, seguramente nos vendan a venda como todo un éxito. E nós, seguramente tamén, quedaremos vendidos.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

A Ruta de Tapas premia a mestura de tradicións culinarias de Casa Quinzán

O Sapo Lambón, Adega O Mandil e A Boa Viña tamén son recoñecidos pola clientela

Semella non ter rival no que a elaboración de tapas se refire: Casa Quinzán repite un ano máis no podio e obtén desta volta o premio á mellor tapa da ruta gastronómica polos bares de Melide que cada mes de xuño organiza Asetem-Cca dende hai catro anos.

Os votos dos clientes e o criterio profesional de Manuel Ángel Garea, de Pastelería Trisquel, escolleron o “Mini Criollo Caseiro” de Casa Quinzán como a mellor das 18 propostas presentadas a concurso, convertendo este local da Rúa do Convento no único que obtivo premio en todas e cada unha das edicións da Ruta de tapas celebradas ata agora.

Boa parte do mérito recae en Nicolás Martínez, cociñeiro do restaurante e creador dunha tapa na que intentou “fusionar diferentes tradicións culinarias”, algo para o que empregou “criollo argentino, berenjena mediterránea y queso gallego”. O responsable de Casa Quinzán, Mariano Rivas, expresou o seu agradecemento polo premio concedido e referiuse á influencia



Casa Quinzán obtivo premio en todas as edicións da ruta de tapas

que teñen iniciativas como a Ruta de tapas na dinamización da hostalería melidá. Como exemplo, destacou que no primeiro día de concurso esgotaron as 180 tapas que tiñan preparadas en pouco máis de dúas horas.

Á marxe da mellor tapa, tamén se repartiron premios noutras tres categorías. A

“Tosta lambona” do Sapo Lambón fíxose co premio á tapa innovadora e A Boa Viña levou o galardón á tapa tradicional. Ámbolos dous establecementos foron premiados por primeira vez. Adega O Mandil, que acumula xa tres recoñecementos, recibiu o premio á tapa de produtos galegos polo seu “Espeto mariñeiro”.

MINI CRIOLLO CASEIRO

A mellor das tapas, creada por Nicolás García, cociñeiro de Casa Quinzán, concentra nun pequeno bocado parte da tradición culinaria argentina, mediterránea e galega. Ten como ingredientes principais un pequeno criollo, queixo de Arzúa-Ulloa gratinado e pasta de berenxenas feita con aceite de allo. A isto engadíuselle rúcula crocante



para crear no padal un efecto de contraste coa crema do queixo. É, segundo o seu creador, “una tapa trabajosa, tanto en la elaboración como en el montaje”.

TAPA CON PRODUCTOS GALEGOS - O MANDIL

Polbo, chipirón e gamba feitos á grella, con allada e sal. Unha combinación atinada e unha correcta elaboración valéronlle á adega O Mandil o premio á mellor tapa con produtos galegos, neste caso obtidos todos eles do mar. É o terceiro galardón que recibe este establecemento rexentado por Jesús Segade, quen comenta sobre a tapa que “parece sinxela pero dá traballo porque hai que facela no momento e tense que servir quente”.

Asegura que o seu espeto mariñeiro “gustou moito” e considera “importante” recibir un premio por segundo ano consecutivo. Ao seu xuízo unha boa tapa debe reunir dous requisitos fundamentais;



Jesús Mellid e Jesús Segade

ter bos produtos e estar ben cociñada: “Se tes boa materia prima e non a sabes cociñar, non vale de nada. Se cociñas moi ben e os produtos son malos, estás na mesma”.

TAPA INNOVADORA - O SAPO LAMBÓN

A Tosta Lambona elaborada polo Sapo Lambón é unha tapa aparentemente sinxela que agocha un universo de sabores. Creada sobre unha base de pan tostado, está composta por un revoltido de pementos do piquillo e gulas salteadas con allo, uns ingredientes que van acompañados por unha redución de vinagre de Módena con azucre.

A súa creadora, Sonia Valiño, explica que intentou facer un prato “práctico, económico e saboroso” e considera que o éxito da tapa radica no contraste entre “o acedo e o doce, o frío e o quente”. Sonia Valiño amosouse “moi contenta” por acadar o premio á proposta máis



Sonia Valiño

innovadora: “sempre fago as tapas con moita ilusión, nos catro anos que se leva celebrando a ruta, pero levar o premio é unha ilusión engadida e este ano por fin caeu”.

TAPEAR EN MELIDE TEN PREMIO



Víctor Estraviz e Isabel Blasco (Pazo de Eidián)

Os clientes que participaron na IV Ruta de Tapas entraron no sorteo de atractivos premios. Víctor Estraviz, de As Barreiras (Melide), foi o gañador dunha noite para dúas persoas con cea e almorzo incluídos no Pazo de Eidián (Agolada), onde poderá gozar tamén de todos



Manuel Pérez (O Carrizo) e Eva Camba

os servizos deste complexo hoteleiro rural. Outra veciña de Melide, Eva Camba, resultou agraciada cunha cesta de produtos ibéricos cedida por Distribucións O Carrizo. Os propietarios do bar Novo Valente foron agasallados cunha xornada no balneario Río Pambre.

TAPA TRADICIONAL - A BOA VIÑA / A BOA VIDA

O seu nome, Tapa típica galega, xa adiantaba que ía a por todas na categoría de tapa tradicional. E conseguíuno. A proposta presentada por Alberto Buján e servida no seu establecemento da zona dos viños, fixo que A Boa Viña conseguise por primeira vez un premio na ruta de tapas. “Para o ano intentaremos mellorar”, explica Alberto, quen sinala que o único segredo da súa proposta, elaborada con orella de porco e chouriciños, está en que a carne “é da aldea, caseira e de máxima calidade”. Na súa opinión o que máis valora o consumidor é o bo sabor e o bo produto, por iso para el a presentación é un aspecto



Alberto Buján

secundario ao que non lle dá especial importancia. Segundo explica, un dos aspectos positivos da súa proposta é que “invita a repetir” tanto a tapa como a consumición.

SEGUROS BILBAO

Grupo CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
 Agente de seguros exclusivo
 Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra
 Nº 113 Bajo - 15800 Melide
 Tlf/ Fax: 981506495
 Móvil: 678055942
 rodrigofernandez@segurosbilbao.com

Proquintas

QUÍMICA INDUSTRIAL

Un producto para cada necesidad

HOSTELERÍA E INSTITUCIONES
 Desengrasantes. Ambientadores. Detergentes para vajillas, suelos, paredes, cristales, tapicerías

INFORMACIÓN Y PEDIDOS

TEL: 981.50.57.50

www.proquintas.com

COMPLEMENTOS DIVERSOS
 Exterminadores de insectos. Dispensadores de ambientadores e insecticidas. Dosificadores de jabón. Secadores de manos. Mopas, bayetas...

MANTENIMIENTO INDUSTRIAL Aceites de corte, taladrinas. Antiproyecciones para soldadura. Decapantes. Imprimaciones. Protecciones antioxidantes. Desblocantes.	AUTOMOCIÓN Anticongelantes. Champús y ceras de lavado. Desengrasantes de motores. Disolventes para brea y alquitrán.	CONSTRUCCIÓN Desencofrantes. Plastificantes. Acelerantes. Impermeabilizantes de caucho, silicona	AGROPECUARIA Detergentes para circuitos de ordeño o tanques. Raticidas, insecticidas (especial cucarachas)	PISCINAS Algicidas. Floculantes. Correctores de PH. Limpiadores de cerco. Cloro. Desincrustantes.	CELULOSAS Manteles, servilletas, toallas, bobinas industriales y domésticas
---	---	---	---	--	--

NO DEJES QUE SE HAGAN FUERTES!!!

- **CONTROL INTEGRAL DE PLAGAS:**
DDD, LEGIONELLA, INSECTOCAPTORES
- **HIGIENE AMBIENTAL**
AMBIENTADORES, BACTERIOSTATICOS, HIGIENE FEMENINA
- **FORMACION:**
GESTION F.TRIPARTITA, MANIPULADOR ALIMENTOS, A.P.P.C.C.
- **ASESORAMIENTO ALIMENTARIO:**
GESTION REG. SANITARIO, AUDITORIAS E INSPECCIONES
- **LABORATORIO DE ANALISIS DE AGUAS Y ALIMENTOS**

WWW.PLAGOSTEL.COM

TLF: 986 118 714

AXUDAS E SUBVENCÍONS

1. Axudas do Instituto Galego de Promoción Económica, para os proxectos de creación de Pemes ou de realización de investimentos en Pemes novas promovidas por novos emprendedores. (DOG N°102 do 30/05/2013)

Beneficiarios: pequenas e medianas empresas.

Investimentos e gastos subvencionables, entre outros: obra civil, bens de equipo, inmovilizado inmaterial; aprovisionamentos de materias primas e produtos terminados; aluguer; informe de auditoría, etc...

Prazo: ata o 30/10/2013.

2. Axudas da Consellería de Traballo e Benestar para o programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras. (DOG N°107 do 06/06/2013)

Beneficiarios: Empregadores e empresas que contraten traballadores/as por conta allea que reúnan os requisitos de establecidos para cada liña de axuda:

- .- Contratación indefinida inicial.
- .- Transformación de contratos temporais en indefinidos.
- .- Incentivos á contratación temporal.

Prazo xeral: Ata o 30/09/2013. Para as contratacións realizadas entre o 1 de outubro de 2012 e 006/06/2013, o prazo de solicitude rematará o 06/07/2013.

3. Axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas. (DOG N° 111 do 12/06/2013)

Beneficiarios: Autónomos ou profesionais, persoas físicas, pola primeira contratación indefinida no 1º ano de actividade ou pola segunda e terceira contratación indefinida nos tres primeiros anos de actividade.

Prazo xeral: último día do mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral indefinida, máximo ata o 30/09/2013. Para os contratos realizados ata a publicación da orde, o prazo de solicitude será ata o 12/07/2013.

4. Programa EMEGA para fomento do emprendemento feminino para o ano 2013. (DOG n° 118, do 21 de Xuño de 2013)

Beneficiarias:

- .- Mulleres que creen microempresas ou pequenas empresas, establecéndose como autónomas, sociedades civís ou mercantís.
- .- A administración ten que ser exercidas por mulleres e o capital social pertencer unicamente a mulleres cando se trate de microempresas e estar maioritariamente subscrito por mulleres no caso de pequenas empresas.
- .- Non ter recibido nos últimos 5 anos axudas

do Programa Emega.

Liñas de axuda:

a) Estimular a posta en marcha de iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino por conta propia e allea.

b) Promover melloras innovadoras en empresas lideradas por mulleres, que comporten a creación de emprego feminino estable e a mellora da competitividade.

c) Favorecer a reactivación e consolidación de empresas lideradas por mulleres, por medio de aplicación de medidas de renovación, relanzamento, ampliación ou cambio de localización da actividade.

d) Apoio á conciliación do exercicio profesional coa vida persoal e familiar para as beneficiarias de calquera das outras liñas de axuda anteriores, que teñan fillos menores de 3 anos.

Prazo: Ata o 21/07/2013.

5. Subvencións ao comercio de proximidade para a incorporación de tecnoloxías da información e fomento do comercio electrónico, para o ano 2013. (DOG n° 118, do 21 de Xuño de 2013)

Beneficiarios: comerciantes retallistas que realicen actividades incluídas na orde da convocatoria; inscritos no Rexistro Galego de Comercio; que non superen os 10 traballadores; e que o local comercial non supere os 150 m2 de superficie adicada a exposición e venda (excepto epígrafes 653.1 e 663).

Actuacións subvencionables: Ordenadores de sobremesa, software de xestión, páxinas web, periféricos e outros compoñentes (lectores código barras, caixóns portamoedas, impresora tickets), e TPV integrados.

Prazo: Ata o 21/07/2013.

6. Axudas á reorientación e competitividade das pemes galegas. (DOG n° 114, do 17 de Xuño de 2013)

Obxecto: Equipamento das pemes no sector servizos, cun investimento subvencionable entre 30.000 e 200.000 euros.

Prazo: Ata 17/07/2013.

7. Programa de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo. (DOG n° 116, do 19 de Xuño de 2013)

Beneficiarios:

- .- Cooperativas e sociedades laborais, desempregados, demandantes de mellora de emprego e asalariados de cooperativas e sociedades laborais, cooperativas e sociedades laborais de nova creación ou que acometan novos proxectos recollidos no Programa III.
- Prazo: Ata 19 de Xullo de 2013.

Traballo e formación nun contrato bonificado ao 100%

Cubrir as necesidades de persoal da empresa ao tempo que se contribúe á formación dos futuros traballadores; unha opción interesante para empregadores e empregados e que está ao alcance de calquera empresa da comarca a través do coñecido como “contrato de formación e aprendizaxe”, no que as cotas á Seguridade Social tanto da empresa como do traballador están bonificadas ao 100%.

Esta modalidade de contrato é unha das que contempla o chamado Plan de Formación Dual, aquel no que se alternan os estudos co traballo e que Asetem-Cca e a EFA Piñeiral de Arzúa queren potenciar a través dun marco de colaboración. Ámbalas dúas entidades están dispostas a poñer en contacto empresarios e estudantes para satisfacer as necesidades de persoal duns e as necesidades profesionais doutros.

Para poder desenvolver este proxecto é imprescindible que polo menos dez alumnos e outras tantas empresas estean en disposición de participar. Neste sentido, dende a directiva de Asetem invítase a todos os socios/as que estean interesados a pasar polas oficinas da patro-

nal, onde poderán obter información en profundidade.

Vantaxes e requisitos

Cando se formaliza un contrato de aprendizaxe, a empresa ten que comprometerse co traballador como mínimo durante un ano. Hai que ter en conta que dentro das horas anuais que realizará o empregado, parte son de formación e outra parte de traballo efectivo na empresa. Non obstante, só se lle pagará ao contratado polo tempo que realmente dedique a traballar: se por exemplo se establece que o 60% das horas serán de traballo e o 40% restantes serán de formación, o traballador só cobrará o 60% do salario. A empresa poderá aumentar ata un 25% as horas establecidas con formación específica do seu sector.

Outra das grandes vantaxes para o empresario é que, como se comentou con anterioridade, as cotas á Seguridade Social están bonificadas na súa totalidade.

Con este proxecto de colaboración Asetem-Cca e o centro de formación profesional EFA Piñeiral buscan apostar pola formación de calidade e a promoción do emprego na comarca.

Curso gratuíto en Asetem: “O teu negocio na internet”

Se pensas que internet é o futuro, formas parte do pasado. Por que é necesario que as empresas estean nas redes sociais? Que utilidades teñen? Cales son as máis coñecidas? Como podemos empregar internet para darlle maior difusión aos nosos negocios?

Preguntas coma esta atoparán resposta no obradoiro gratuíto sobre a presenza de empresas en internet que se celebrará nas instalacións de Asetem-Cca os vindeiros días 11 e 12 de xullo. Impartido por Jorge Lama, o taller está dirixido principalmente a empresarios/as e autónomos

da vila, pero nel poderá participar tamén calquera persoa interesada en coñecer como funciona hoxe en día internet para as empresas e como sacarlle partido ás novas tecnoloxías dende o punto de vista comercial.

O taller terá unha duración de tres horas e impartirase ao longo de dúas xornadas en horario de 21:00 a 22:30 horas. As persoas interesadas en participar poderán anotarse ata o mesmo día de inicio do curso nas oficinas de Asetem, situadas na rúa Lino Sexto Sánchez, ou chamando ao número de teléfono 981 50 61 88.

EMPRENDEDORES EN MELIDE

MARINA FERREYRA E SEBASTIÁN BECERRA, BAR-XAMONERÍA “GARCEIRAS”

“Os Garceiras será un bar de tapeo especializado en tortillas y tostas”

-Como é o novo bar Garceiras? Cambiou en algo?

-Marina Ferreyra (M.F.): Conservamos el nombre y el jamón (risas), iese no podía faltar!, pero decidimos abrir el abanico y apuntar al tapeo, incorporando la especialidad en tostas y tortillas. Os Garceiras será a partir de ahora un bar de tapas de elaboración casera, desde las más simples a las más elaboradas. Las patatas alioli, por ejemplo, son peladas y cortadas aquí y las salsas hechas por nosotros. Nada de congelados ni de botes.

-Que diferenzas hai co que viñades facendo ata agora?

-Sebastián Becerra (S.B.): Fundamentalmente que no tenemos restaurante. Nos olvidamos del chuletón, del solomillo, del arroz con bogavante

y nos centramos en las tapas. Es un bar más de paso en el que la gente, por menos de 6 euros, puede tomarse su cervecita o su vino, picar algo y pasar un buen rato.

-Que tipo de tapas incorporastes á carta?

- M.F.: Tenemos siete variedades diferentes de tostas; desde la escalivada de verduras y bonito pasando por la de lomo de cerdo con patatas panaderas, cebolla pochada y huevo hasta la de milanesa con salsa de tomate, jamón, queso y orégano. En tortillas hay nueve variedades: con grelos, con chorizo, con espárragos y bonito, con verduras asadas... además ofrecemos tablas de ibéricos y raciones de gambas, chipirones, patatas con salsas, langostinos, lacón,

raxo... también hay postres.

-S.B.: Todos los días damos tapas calientes a la hora de los vinos y bizcocho casero por las mañanas. Tendremos un menú infantil, que todavía no hemos definido pero que incluirá una bebida, un plato y postre. De momento todavía estamos escuchando lo que le gusta a la gente, tanto en el vino como en el pincho y el tapeo. Después, en base a lo que guste, iremos orientándonos.

-Cales son os horarios de apertura?

- M.F.: Abrimos todos los días de la semana. Arrancamos a las nueve de la mañana. De domingo a jueves estamos hasta las 11 de la noche y los viernes y los sábados hasta más tarde. Las tapas se sirven



Sebastián e Marina acompañados polos seus fillos

más o menos entre las 12 y las 5 de la tarde y luego a partir de las 8. Las totas y las tortillas también se pueden encargar para llevar.

-A xente coñécevos e apréciavos. Iso é unha garantía?

- M.F.: es una garantía que

hay que cuidarla... llevarte bien con el cliente es fundamental. A mí lo que me gusta es conocerlo porque eso te permite tener detalles con él. Se trata de atenderlo, no de despacharlo. Eso es algo que sale de forma natural. Nosotros somos como somos, aquí no hay nada estudiado...

Jamonería - Cafetería “Garceiras”

R/ Gaiteiros Os Garceiras, 1 - MELIDE / Tfl: 608 975 776

ESPECIALIDADES DE LA CASA:

• TOSTAS

- Escalivada de verduras y bonito
- Salchichas Frankfurt y queso
- Tomate natural, jamón serrano y espárragos
- Chorizo criollo y salsa criollo
- Lacón, queso, grelos y pimentón
- Milanesita, salsa de tomate, jamón, queso y orégano
- Lomo de cerdo, patatas, cebolla pochada y huevo

• TORTILLA ESPAÑOLA (9 variedades)

- Tradicional
- Con cebolla
- Con grelos
- Con verduritas asadas
- Con chorizo y pimiento
- Con jamón y tomate natural
- Con espárragos y bonito
- Con Jamón York y queso
- Con cebolla y pimiento morrón



Y ADEMÁS....

ENSALADAS
QUESOS, TABLAS
IBÉRICOS
POSTRES

CAFÉ - BAR

MANÁ

Rúa Galicia, 7 - 15800 MELIDE

*Pratos combinados, tortillas, raxo, zorza,
bocadillos quentes, cafés especiais...*



*Os venres, en directo,
música tradicional galega*




Rondalla Trísquela

1ª FESTA TROITEIRA



**OS TROITEIROS DE SAN MARTIÑO DAS
VARELAS CELEBRARON O FIN DE FESTA
NO **PUB DE LUXE****



Gold Pub



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)



Psicotécnico Santa Ana

Certificados Psicotécnicos:

- Conducir (toda España)
- Armas
- Guardia forestal
- Seguridad privada
- Perros peligrosos
- Buceo y otros
- Chequeos médicos
- Certificados médicos
- Medicina general



Al hacer el psicotécnico
le tramitamos la renovación de su carnet
ante la jefatura de tráfico

GRATIS

Cantón de S.Roque, 9 - 1º D (MELIDE)
Tlf: 981 505 075

SERVICIOS INTEGRALES
meypa
soluciones para cada tipo de cliente

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

- ★ **Reformas**
- ★ **Instalaciones**
- ★ **Reparaciones**
- ★ **Mantenimiento**

- Mantenimiento e instalaciones eléctricas
- Pozos (Bombas aspiración, sumergibles, etc)
- Desbroces y cierres de fincas
- Pequeñas reparaciones e instalaciones del hogar
- Colocación tarimas, etc...

Tfno.: 663 972 281

Atenderle, es nuestra prioridad.
Poner fin a sus necesidades,
...nuestro objetivo

Manuel

LIQUIDACIÓN TOTAL POR PEÇHE

A partir do 1 de xullo de 2013

Manuel MODA
Ronda da Coruña, 68 - MELIDE (A Coruña)

As mellores marcas aos mellores prezos!!!



La mayor oferta de la comarca en pisos, casas, chalets, solares...

- > Pisos de 2 a 4 dormitorios desde 51.000 €
- > Chalets de lujo de 220.000 a 450.000 €
- > Casas y casas para restaurar.
- > Alquileres. Fincas y solares.

En Galicia

- Edificio gran lujo en Sanxenxo, primera línea de playa (Paseo de Silgar). Grandes descuentos.
- Edificio en Portonovo con piscinas de agua salada, pista de tenis y zona verde privada. Precio hipoteca.
- Pisos en Coruña, Vigo, Boiro, Ribeira, A Pobra, Foz, Burela, Santiago de Compostela...
- Chalets en Lugo, Vigo, Nigrán, Oleiros, Cambre, Sada, Mos...

Opciones de negocio

- * Naves en A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Pontevedra...
- * Bajos en rentabilidad en Vigo y Ourense / * Nave en rentabilidad en A Coruña.
- * Fincas de 40 a 100 hectáreas.



**SI QUIERE COMPRAR, VISÍTENOS.
SALDRÁ GANANDO**

Estamos en:
C/ Gaiteiros Os Garceiras, 3 bajo
MELIDE (A Coruña)
www.invergalicia.com

Tlf: 981 505 781
admon@invergalicia.com
info@invergalicia.com

**SI QUIERE VENDER, DÉJENOS
AYUDARLE**



MUEBLES DE SEGUNDA MANO



**Compra y venta de muebles
de segunda mano
y antigüedades**

Abrimos todos los domingos

Calle Progreso, 15 - MELIDE

607 847 374 / 653 979 664



NOVA APERTURA

A túa tenda de fotografía en Melide

**intres
FOTOGRAFIA**

*"Se sabes agardar, a xente
esquecerase da túa cámara e
entón a súa alma sairá á luz"*
Steve McCurry

www.intresfoto.es
Tlf: 658 663 898 / 881 974 224
Avenida de Toques, 2



MESÓN DE ULLOA

Joan Alcalá i Sanchis

Avd. Compostela 90

Palas de Rei 27200 Lugo

MENÚ DEL DÍA-CELIACOS

VEGETARIANO-CARTA

ESPECIALIDAD CARNES Y GUISOS

PARRILLADA-PULPERIA

982 374 170-657 821 491

joancamare@hotmail.com

bardos1959.blogspot.com

Socorro Cea: “confío na xustiza; a miña inocencia quedará acreditada”

A Fiscalía pide 4 anos de cárcere para a ex alcaldesa nacionalista por presuntos delitos de prevaricación e falsidade documental

A ex alcaldesa de Melide, Socorro Cea Vázquez (BNG), confía en saír indemne do proceso penal no que está incurso pola súa xestión, cando era rexedora, en relación coas obras da depuradora da Madanela.

A Fiscalía impútalle os delitos de prevaricación e falsidade en documento público por asinar como rematadas as obras da EDAR sen que os traballos nin sequera comezaran. Pide para ela 4 anos de cárcere e 8 de inhabilitación, ao tempo que imputa tamén ao encargado da obra e ao entón arquitecto municipal.

Segundo recolle o escrito da acusación pública, a ex-rexedora certificou a obra da depuradora para non perder unha subvención da Xunta de 366.000 euros, uns cartos que nunca chegaron a seren ingresados nas arcas muni-

cipais, tal e como recolle a fiscal no documento: “ningún desembolso hizo el Concello a la UTE ni tampoco el Concello llegó a recibir la subvención destinada a la obra”.

Cea Vázquez sostén que non houbo dano económico para a facenda local e asegura, a respecto da imputación, que a súa xestión “estivo sempre presidida pola defensa do interese público xeral”. Engade que non concorreu na súa actuación como alcaldesa “ningunha práctica delitiva” e amósase confiada en que ao final do proceso “quedará acreditada” a súa inocencia.

Indicacións da Xunta

Na súa defensa Cea Vázquez fai especial fincapé no feito de que a súa actuación no asunto da EDAR “foi consecuencia directa das indicacións realiza-

das dende a Consellería de Industria a través de dous correos electrónicos e aos efectos de non perder a subvención”, un aspecto que omite o escrito de acusación da fiscalía.

Segundo explica Socorro Cea, procedeuse de igual xeito noutros concellos sen que houbera consecuencias xudiciais. En Melide, pola contra, motivou a denuncia do grupo municipal do PP, que entón estaba na oposición sendo voceira Ánxeles Vázquez, agora alcaldesa. Os populares mantéñense como acusación particular no caso pero, preguntados polo asunto, rexeitan facer valoracións: “é algo que ten que seguir o seu curso”, limitase a dicir a actual rexedora.

Cinco anos despois da sinatura do convenio coa Xunta, a Madanela segue sen EDAR.

A ANPA da Martagona solicita o cese do equipo directivo do centro

Escasa predisposición ao diálogo, nula intención de colaborar cos pais e nais e deficiente interacción coa comunidade educativa. Son algúns dos argumentos que esgrime a ANPA do colexio público da Martagona para solicitar a “total renovación” na dirección do centro.

Segundo explican os membros da directiva nun comunicado público, nos últimos anos véñense producindo reiterados desencontros “que evidencian o nulo interese do equipo directivo por tender pontes e traballar en beneficio do colexio”. Así o fixeron constar nun escrito ao que se deu lectura no último Consello Escolar, celebrado o pasado 28 de xuño, e no que detallaron polo miúdo os motivos do seu descontento. Entre eles figuran a “deficiente comunicación” ante os casos de meninxite que se detectaron no centro ou “os atrancos constantes á hora de solicitar as instalacións do colexio”.

As queixas serán elevadas



nos próximos días á Delegación Provincial de Educación e á inspectora de zona, a quen se lle trasladará por escrito “a falta de compromiso e rigor da actual dirección do colexio”.

A directora do CEIP Nº 2, Montserrat Conesa, rexeita estas acusacións, que define como “unha mentira detrás doutra”. Ve nelas motivacións que van máis alá do ámbito educativo e sinala que os desencontros “sempre se dan coa mesma persoa”. Neste sentido, explica, “unha persoa concreta

non representa á ANPA nin moito menos á comunidade educativa”.

Montserrat Conesa engade que “é difícil chegar a acordos con quen non está disposto a razoar” e lamenta que a ANPA faga público o seu malestar xusto cando os membros que a integran teñen que deixar o cargo para dar paso a novas persoas. Para a directora do CEIP da Martagona isto responde á intención de “crear unha guerra” na que, asegura, non está disposta a entrar.

O Concello poderá decidir sobre os horarios dos pub



A Xunta está a preparar unha nova lei de espectáculos públicos e actividades recreativas que lles permitirá aos concellos decidir sobre os horarios dos pub e locais de hostalería.

O proxecto, que de momento só é un borrador, é ben recibido polo goberno local: “debemos ter esa potestade, porque nada ten que ver un Concello coma Melide con Arzúa, por exemplo”, sinala a alcaldesa, Ánxeles Vázquez. Á espera de que o regulamento sexa desenvolvido máis polo miúdo, a rexedora móstrase partidaria de ser flexible cos horarios dos pubs en certas

épocas do ano. Sempre e cando, iso si, se compaxine co dereito ao descanso do cidadán: “hai que amparar a quen quere durmir e a quen vive da noite”, explica, “nós somos dos que sempre dicimos que a noite ben organizada dá para todo, e dentro desa organización ten que haber uns horarios de peche e temos que ser flexibles en determinadas épocas do ano como o verán ou as festas; sexa o San Roque, a Semana Santa ou o Nadal”.

O goberno local prevé aprobar en breve dúas novas ordenanzas: unha para regular as terrazas e outra sobre rúidos.

Acusan ao PP de empregar “escusas” para darlle as obras sempre ás mesmas empresas

O BNG de Melide cuestiona a política de contratación de obras que está a desenvolver o goberno local. Segundo denunciou publicamente o voceiro dos nacionalistas, Xosé Igrexas, o PP está “abusando” do procedemento negociado sen publicidade “para darlle as obras ás mesmas dúas empresas de sempre”.

O BNG sinala que se trata dun procedemento excepcional “que se converteu en habitual” e que resta oportunidades ás demais empresas. Segundo indica o portavoz do partido, as xustificacións son sempre as mesmas: “en razón da contía do contrato, da simplicidade do seu obxecto e da conveniencia de abreviar no posible a adxudicación”. Igrexas considera que se


trata de “escusas” que revelan “o clientelismo do goberno local”.

A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, asegura que os procedementos que emprega o Concello “son os que ampara a lei, nin máis nin menos” e amósase disposta a facilitar “en calquera momento” unha relación de empresas ás cales se lle adxudican obras.

A rexedora bota man de comparacións e destaca que “a diferenza do que acontecía co bipartito, no noso caso os informes son sempre favorables”. Considera fóra de lugar falar de clientelismo e pídelle ao BNG que se coide nas súas acusacións, tanto por ela “como pola xente desta vila que está facendo a maioría das obras”.

NOTICIAS BREVES

Obras pendentes que avanzan



Proxectos prometidos e obras pendentes comezan a coller forma nas últimas semanas. Un exemplo é o espazo de ocio infantil do Pazo de Congressos, que xa está case rematado e que permitirá dispoñer no inverno do primeiro parque cuberto da comarca. Por outra banda, o pasado 20 de xuño foron adxudicadas por 154.800 euros as obras da Casa da Cultura. Os traballos, que realizará Construcciones Espiño S.L, posibilitarán que o edificio abra as súas portas tras o verán, dez anos despois da súa demolición. As obras contemplan actuacións no soto, na fachada e na planta principal, que será a que se abra ao público. O segundo andar seguirá pechado.

Ademais, o Concello asinou un convenio coa empresa subministradora de electricidade Fuciños Rivas para soterrar case 1 km dunha liña de alta tensión que se atopa a 120 metros do campo de fútbol municipal e que transcorre paralela á estrada da Agolada. O orzamento ascende a 135.000 euros e o tempo de execución das obras estímase que será de cinco meses. A actuación está subvencionada pola Consellería de Industria que se fará cargo do 80% do importe.

Un banco de libros para o IES

A ANPA Terra de Melide lanza a posta en marcha do Banco de Libros do IES co obxectivo de compartir e reutilizar os libros de texto e de lectura requiridos para a formación do alumnado. A iniciativa, que funcionaría co material cedido polas familias e cos libros que xa viña prestando a dirección do centro nalgúns cursos, pretende tamén optimizar recursos “e utilízaos como un ben común que garanta a universalidade do sistema educativo”. As familias interesada en colaborar co Banco de Libros poden poñerse en contacto co ANPA a través do teléfono 606 70 83 09 (Xan) ou a través do enderezo electrónico anpaiesmelide@gmail.com.

O IES tamén está de noraboa tras facerse co primeiro premio do III Concurso de curtametraxes para escolares relacionado coa doazón e os transplantes. O traballo pode verse na súa web: www.edu.xunta.es/centros/iesmelide

Frear a violencia de xénero

O Concello de Melide aproveitou a derradeira reunión da Xunta Local de Seguridade para crear a Mesa de coordinación contra a violencia de xénero. Os obxectivos primordiais son prestar unha atención de calidade ás vítimas e artellar fórmulas de prevención partindo sempre da coordinación entre os diferentes axentes implicados. Este órgano dependerá da Concellería de Igualdade e Benestar e estará integrado por representantes de moi variados ámbitos: servizos sociais, persoal do centro de saúde, orientadores, forzas de seguridade, etc... A mesa contra a violencia de xénero partirá duns mínimos para ir avanzando progresivamente en protección, atención e sensibilización. Por outra banda, o goberno local tamén aprobou o III Plan para a igualdade entre homes e mulleres.

Sentenzas xudiciais que custan cartos

Froito da negligencia, da imprudencia, do infortunio ou das decisións mal tomadas, o Concello de Melide vese a miúdo inmerso en procesos xudiciais dos que non sempre sae ben parado. As sentenzas condenatorias ás que ten que facer fronte supoñen un custo de miles de euros para os petos da veciñanza e unha arma de confrontación entre goberno e oposición que marca a actualidade política.

Recentemente, e a conto dunha sentenza que obrigou a derrogar unha ordenanza fiscal sobre telefonía móbil creada en 2010 polo bipartito, a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, deu a coñecer os custos orixinados polos preitos abertos durante o goberno de BNG e PSOE. Segundo os datos achegados pola rexedora, nos últimos dous anos o Concello de Melide pagou 139.179 euros por sentenzas xudiciais derivadas de procedementos “herdados do anterior goberno”: 51.251 euros á SGAE, 30.000 a Augas de Galicia, 20.000 a Patrimonio e 32.046 a un traballador municipal



Ánxeles Vázquez (PP) e Xosé Igrexas (BNG)

accidentado en 2009, “ademais dos xuros de demora”.

Vázquez destacou ademais o litixio aberto pola parcela da Rúa Galicia propiedade da familia Romero, que reclama 40.000 € e o peche perimetral da finca alegando incumprimento

dun contrato privado asinado co bipartito e en virtude do cal se usou a finca como aparcadoiro. A audiencia previa celebrouse a principios de mes.

100.000 € en despidos

Pola súa banda, o BNG acusa á alcaldesa de tomar decisións “caprichosas e ilegais” que prexudican a prestación dos servizos públicos municipais. Pon como exemplo a sentenza que obriga ao Concello a indemnizar e repórter as condicións laborais dunha traballadora da escola infantil á que se lle reduciu o horario de traballo ao inicio de curso. Segundo os nacionalistas tal modificación realizouse “de forma discriminatoria e sen base”. Agora, din, a xustiza deixou en evidencia que a alcaldesa “cometeu unha irregularidade absoluta”.

O voceiro do BNG, Xosé Igrexas, acusa ao goberno do PP de non respectar os dereitos dos traballadores e asegura que no que vai de lexislatura os melidenses pagaron máis de 100.000 euros en despedimentos.

Restauración ou derruba para a casa do Cantón

O número 5 do Cantón de San Roque terá que ser restaurado por completo ou derrubado. Son as únicas opcións posibles para este edificio do centro de Melide que levaba moitos anos deshabitado e que quedou totalmente calcinado como consecuencia dun incendio de orixe descoñecida. A decisión, que terán que tomar os propietarios do inmovible antes de mediados de xullo, deberá de contar co informe favorable de Patrimonio, xa que a vivenda se atopa nunha zona afectada polo Camiño Francés. O lume orixinouse na madrugada do 9 de xuño e non causou feridos. Non obstante, foi preciso desalojar o edificio veciño ante o risco de propagación das chamas.



FOTO-DENUNCIA

Pode parecer que está perdido no medio do monte. Pero non, está ben preto das casas, visible, ao alcance da man e a carón dunha beirarrúa por onde pasan a diario moitas persoas. Tamén nenos para os que unha caixa aberta coa súa maraña de cables de cores cruzando dun lado para o outro pode resultar todo un universo por descubrir de irresistible atractivo. Ás veces como adultos tentamos aprenderlle aos cativos a arredar dos perigos e logo non facemos máis ca poñérllelos diante. Á marxe diso, hai imaxes que dan conta do irresponsables e insolidarios que somos como cidadáns. Un só exemplo dos centos que atopamos aquí e acolá. Máis vale previr ca lamentar.



Suárez dá paso a Manuel Adán tras dous anos de mandato “complicado”

Santiso está a piques de consumir o cambio de alcalde pactado entre BNG, PSOE e Independentes ao inicio da lexislatura e recollido no acordo de goberno que lles permitiu facerse coas rendas do concello tras as últimas eleccións municipais.

O ata agora rexedor, o socialista Fernando Suárez Cortiñas, presentou o pasado 1 de xullo a súa renuncia como alcalde para entregarlle o relevo a Manuel Adán, socio de goberno e líder dos nacionalistas de Santiso. Adán terá que ser elixido por maioría dos concelleiros da corporación no transcurso dun pleno extraordinario convocado para o día 9 de xullo e no que se agarda que non haxa sorpresas. Durante este tempo, a tenente de alcalde, M^a Carmen Curros (Independentes), estivo á fronte dos asuntos municipais.

Un mandato complicado

Fernando Suárez abandona o sillón da alcaldía deixando pendente o arranxo da Ponte



Suárez no despacho da alcaldía, no seu último día como rexedor

da Regada, un tema que seguirá marcando a actualidade de Santiso nos próximos meses. Tras dous anos como rexedor, asegura que o mandato foi “bastante complicado” e sinala que o seu principal cabalo de batalla foi o asunto económico, un tema que, reconece, chegou a lastrar o normal funcionamento da administración nos inicios da lexislatura: “eu non sei de quen foi a culpa pero estaba

todo sen facer, coas contas de varios anos sen liquidar e facturas sen pagar mesmo dende 2004”, explica.

Sobre o goberno en coalición considera que funcionou “perfectamente e sen ningún tipo de desavenencia”. Cre que así seguirá sendo no que resta de lexislatura “porque somos un equipo e no pacto que fixemos a política quedou fóra; só houbo consenso e traballo”. Suárez Cortiñas, que segue de

concelleiro, pasará agora a encargarse do departamento de obras. O resto, di, “debe dispoñelo o novo alcalde”.

Pasos para atrás

Ben diferente é a valoración que realizan os concelleiros do PP. Aseguran que os resultados “se vían vir” dende o momento en que Suárez “chegou ao concello para cobrar e non para traballar”. Nesta liña destacan que o ex rexedor “seguirá cobrando o soldo de alcalde por non facer absolutamente nada”.

O voceiro dos populares, Ovidio Leiva, considera que Santiso “vai para atrás” e destaca que están paralizados todos os grandes proxectos que necesita o municipio e que iniciou o PP cando estaba no goberno: “a traída pública de augas quedou parada, as vivendas sociais están paradas, a maquinaria para prestar servizos aos veciños tamén e os desbroces ben se ve como están”. Sobre o tema económico, Leiva mantén que o PP deixou un remanente de case 1 millón de euros no banco e acusa a Suárez de mentirlle aos veciños sobre as contas municipais.

Manteñen os 3 mestres da escola de Visantoña

Todo seguirá como ata agora: 16 alumnos en dúas clases e tres mestres. O fin de curso foi moi convulso no colexio de Visantoña pero finalmente non saíron adiante os plans da Consellería de Educación para xuntar os nenos e nenas nunha soa aula e deixar un profesor. Tal intención, que lle foi comunicada á dirección do centro por vía telefónica unha semana despois de rematar o curso, caeu como un xerro de auga fría sobre os pais dos cativos, que ameazaron no seu momento con non mandalos á escola en setembro se prosperaban os cambios. Finalmente todo quedou en nada, pero o colexio de Visantoña segue no punto de mira do plan de recortes da Xunta, que o próximo curso suprimirá 22 escolas unitarias en Galicia.

Viaxe pola historia da Terra de Abeancos

Achegouse á “terra veciña” coa idea de coñecer mellor o berce dos seus devanceiros e rematou por dar vida a unha publicación que nada máis saír do prelo xa foi bautizada como unha reliquia de incalculable valor. *Santiso na Terra de Abeancos*, o último libro do melidense Xosé Manuel Broz Rey, achega a través das súas páxinas un valioso compendio de datos, imaxes, historias e nomes dunha terra situada entre os ríos Ulla, Furelos e Iso que foi no seu día a Terra de Abeancos. Un percorrido polo patrimonio do que hoxe é Santiso froito da curiosidade e da paixón pola historia máis próxima de quen se define como “un estudante de paisaxes e lendas, debuxante de xenealoxías, buscador de etnografías e admirador de pedras labradas”.

Santiso na Terra de Abeancos é para o seu autor “un libro de patrimonio básico” que posúe a singularidade de ser dos máis ilustrados que



O autor, Xosé Manuel Broz, na presentación do libro en Melide

se publicaron ata o momento. A fotografía cobra especial importancia no capítulo dedicado ao patrimonio relixioso, onde a cor é unha importante fonte de información e actúa tamén como un elemento imprescindible “para facer un libro respectuoso”.

O volume recolle ademais debuxos saídos da pluma do propio autor nos que se repro-

duce a arquitectura popular dalgunhas casas señoriais. “En Santiso nunca se preocuparon por facer escudos”, lamenta Broz Rey, “e había xente rica... pero os donos de aquí eran os curas e os escribáns”. Eles son tamén os protagonistas dunha das partes máis complexas e traballadas do libro, as árbores xenealóxicas da terra de Abeancos, entre as que se inclúe a

de Manuel Curros Enríquez; o poeta civil de Galicia con raíces en Santiso, que foi cualificado de “personaxe estrañalía” por ter aparecido unha vez na aldea “con traxe de cubano e barba”. É a vertente máis humana da historia, que salpica o traballo de Broz Rey para achegar amenidade sen perder rigor.

Non falta a parte novelada nun capítulo de corenta páxinas onde o autor explota as súas cualidades narrativas para ir relatando “ cousas que me contaron a min e que só poden contar en forma de novela”. Personaxes imaxinarios como “o bispo” ou “o naseiro” traen aos ollos do lector historias da vida cotiá onde a natureza e os ríos son cómplices necesarios. Unha obra completa na que, segundo o autor, “hai traballo para quen queira continuar”. A Terra de Abeancos dá moito de si e “os datos hai que buscalos, pero aparecen”.

Preparado para saír do forno o Trivial da comarca

A Asociación Cultural Servizo de Normalización Lingüística Terra de Melide (SNL) prepara o lanzamento dunha nova versión do clásico xogo do Trivial con preguntas e respostas sobre a comarca. Elaborado polo alumnado dos colexios de Melide, Toques e Santiso, será presentado a mediados do mes de agosto e contará cunha aplicación para poder xogar no móbil ou nas tabletas. O presidente do SNL, Xesús Freire, confía en que o Trivial da comarca servirá “para recuperar a memoria das cousas, das persoas e das tradicións perdidas na Terra de Melide”. O SNL creouse no ano 2008 para consolidar o uso da lingua.

Recoñecemento a 35 anos e 5.316 páxinas de compromiso coa lingua

O Museo da Terra de Melide recibe o Premio á Defensa do Idioma

“Este non é un premio só para o museo, é tamén para as 60 persoas que hai detrás de todas as páxinas que levamos publicadas”. Embargado pola emoción, o director do Museo da Terra de Melide, Xosé Manuel Broz, recollía o Premio á Defensa do Idioma outorgado polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da comarca e tiña un agradecemento especial “para todos os escritores que contribuíron a saber máis sobre o lugar no que vivimos”.

Sesenta nomes e apelidos que Broz foi incapaz de ler e que están detrás das 5.316 páxinas que o museo leva publicadas en galego a través dos seus 25 boletíns de periodicidade anual. Valiosos compendios con retallos da historia e da cultura da comarca que xunto co labor etnográfico e pedagóxico sempre ligado ao idioma que vén desenvolvendo nos últimos 35 anos va-



Xosé Manuel Broz, director do museo, no acto de entrega do premio

leu o recoñecemento do SNL “á iniciativa cultural máis importante da Terra de Melide”. Así foi como o definiu Socorro Cea, vicepresidenta da entidade, durante a entrega do galardón, que se realizou o 7 de xuño, xusto 80 anos despois do día no que saía dos talleres da Editorial Nós outro refe-

rente cultural e histórico para a comarca; o libro *Terra de Melide*.

Idioma e terra

No transcurso da súa intervención Xosé Manuel Broz destacou que o compromiso coa lingua por parte do centro que dirixe “é total dende o

CRONOLOXÍA DUN PROXECTO EXEMPLAR

O Museo da Terra de Melide ten as súas orixes na iniciativa de varios amigos interesados no estudo, no coñecemento e na divulgación. Baixo o nome de “Grupo Arqueolóxico Trisquel”, Xosé Manuel Broz, Roberto Penín e Xulio e Benedicto Álvarez dan inicio en 1978 a un proxecto que nos seus primeiros anos ocupará os baixos do concello xunto coa biblioteca municipal.

En 1982 pasa á casa dos irmáns Fuciños Gómez, onde permanecerá preto de dúas décadas. O incremento dos fondos e de doazóns axiña fixo necesario atopar outro inmoible e foi en 1999 cando Xosé Manuel Broz tivo a idea de mercar unha casa na Praza do Convento. Mentres todo o mundo non vía máis ca ruínas, el viu unha grande oportunidade. E foi entón cando se produciu un feito extraordinario e exemplar: o pobo de Melide mercou a vivenda por subscrición popular e xuntou 8 millóns das antigas pesetas en tan só tres meses, dando mostra do seu compromiso coa cultura e coa terra.

As obras duraron dous anos e o 26 de maio de 2001 inaugurouse o actual museo, aínda que as instalacións non estiveron completamente rematadas ata 2005. Na actualidade o director do centro asegura que a galería “podería dar moito de si” e critica “que non se faga nada” dende as administracións para promocionar un activo tan importante. Considera que a ampliación “é moi necesaria”.

principio” e explicou que calquera museo galego que se prece debe partir da unión indisoluble de peza e lingua: “o idioma é parte da terra, e as pezas da terra sen unha palabra galega que as defina non son o mesmo”, sinalou.

Broz fixo alusión ao momento de precariedade econó-

mica que vive o museo e manifestou a súa intención de “resistir nos tempos que corren” para dar continuidade á publicacións duns boletíns “dedicados a coñecernos un pouco mellor” e cuxo primeiro número saíu en agosto de 1982 da imprenta O Cuco, situada na melidense Rúa do Progreso.

Suárez acusa ao PP de facer manobras para atrasar o arranxo da Ponte da Regada

Os traballos para amañar a Ponte da Regada seguen en punto morto. Un mes despois de comprometer a parte dos cartos que lles correspondían e de aprobar en pleno o convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, os concellos de Santiso e de Arzúa seguen agardando para firmar acordo. As obras, co proxecto xa realizado, tampouco foron contratadas.

Con este panorama, e cercado polas críticas veciñais, o xa ex-alcalde de Santiso, Fernando Suárez, destapou a caixa dos tronos ao acusar ao PP local de traballar na sombra co obxectivo de atrasar o máximo posible o arranxo da ponte. Suárez aproveitou o pleno no que presentou a súa renuncia como rexedor para responsabilizar directamente ao voceiro dos populares, Ovido Leiva: “andas por detrás atizando na Xunta e na Deputación e estás jodendo ao Concello de Santiso”, espetou.

Leiva negou a maior e respondeu dicindo que “nunca fixen iso nin o farei; eu vou a onde faga falta pero só polo beneficio de todos”. E aproveitou a súa quenda para acusar a Suárez de escasa dedicación aos asuntos municipais: “isto pasa cando se entra no Concello para cobrar; eu estou tan dedicado ao meu pobo coma ti sendo alcalde”.

Xa fóra do debate plenario, Suárez Cortiñas amosouse convencido de que o arranxo da Ponte da Regada xa só se trata dunha cuestión política: “aquí temos o problema de que ningún dos socios de goberno somos da mesma cor que a Deputación e a Xunta”. E engade: “sei ben que neste tema tomaron moito camiño e que están atrasando todo. Se non fose así, a ponte tería que estar amañada, porque é unha urxencia. A xente bótase encima de min e ten toda a razón”.

Besteiro pecha en Santiso a 1ª etapa da súa volta a Galicia



Gómez Besteiro e militantes socialistas na sede do PSOE de Santiso

O presidente da Deputación de Lugo, Xosé Ramón Gómez Besteiro, escolleu o Concello de Santiso para poñer fin á primeira etapa dunha ruta de case 5.000 quilómetros que o levou ao longo do mes de xuño por 20 comarcas de toda Galicia para debater coa militancia e presentar o seu proxecto de cambio para o partido. Besteiro, aspirante á secretaría xeral do PSdeG, reuniuse o día

30 de xuño cos socialistas do interior coruñés. O encontro realizouse na peculiar sede do PSOE de Santiso; unha palleira doada e rehabilitada polos propios militantes.

Trala súa visita, Besteiro destacou “a boa acollida da militancia, as ganas de falar de política, de implicarse e de elevar o ton do discurso”. Os encontros continuarán no próximo mes de xullo.

A reforma da PAC acaba coas cotas e mantén o nivel de axudas

A reforma da Política Agraria Común (PAC), aprobada o pasado 26 de xuño, manterá ata o ano 2020 un nivel de axudas para o campo galego moi semellante ao actual. Esta é unha das novidades do novo texto, que tamén certifica a fin das cotas lácteas.

Os sindicatos gandeiros alertan de que a supresión deste sistema que servía para regular os prezos do sector deixará as explotacións galegas nunha situación “débil” de cara á apertura do libre mercado en 2015, xa que moitas están lastradas pola débeda derivada da adquisición desas cotas. Isto, unido aos novos criterios da PAC, que priman as axudas por hectárea e non por actividade e que apoian en maior medida aos agricultores cós gandeiros, coloca ao sector unha situación “perigosa”, segundo alertaron as centrais sindicais.



Estimados veciños/as,

Comunicámoslles que dende o pasado 28 de xuño a nosa oficina atópase na Ronda de Pontevedra, 113 baixo (en fronte do centro de saúde)


Estamos á súa disposición

Tlf: 981 50 60 29 / Fax: 981 50 56 74

www.gasogal.com

manuel@gasogal.com

mar@gasogal.com



Camiño de Santiago



**San Antonio, 3
MELIDE**

Tlf: 627 809 017

Aldea de Furelos

**CAFETERÍA Y
CHURRERÍA**

**DESAYUNOS, CHURROS
BOCADILLOS**

**Desde las
6 a.m.**

**Cátedra, 1
MELIDE**

Mov: 605 883 268

Camiño Vello de Santiago, 2 - Melide (A Coruña)

e-mail: garnachamelide@gmail.com

**HOSPEDAJE - BAR
RESTAURANTE**

**Novo
Contingente**

Teléfonos:

981 50 61 82

699 61 37 59

**C/ Luis Seoane, 8
15800 MELIDE
(A Coruña)**

- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax.: 981 507 560

Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE

www.pousadachiquitin.es - info@pousadachiquitin.es

Comezan as **REBAIXAS** Merca en **MELIDE**



Alexandre Bóveda, 10 MELIDE
Tlfs: 981 50 59 08 / 600 666 427

**Os mellores prezos
deste verán !!**



C/ Avda. de América, 3 MELIDE

**Grandes ofertas en
Bikinis**



Tel. 981 50 54 58 - Rúa Mateo Segade Bugueiro,13
15800 MELIDE (A Coruña)



**Calzados
Braz**

Ronda da Coruña, 24
Camiño de Ovedo, 13

981 50 51 60
MELIDE

**Aforro, calidade
e confianza**



Programa 1
MELIDE - (A Coruña)



Tu Boutik

Ronda de Pontevedra, 61
15800 Melide
(A Coruña)
Telf. 881 956 394

tuboutik@hotmail.com



El Taboada Roca, 4
Tlf: 881 97 58 62

Sisuka

Bodegas Santa Marta, a esencia de Valdeorras



A mellor materia prima, os coñecementos herdados da tradición e as técnicas máis innovadoras; tres factores fundamentais que se conxugan á perfección para obter produtos de máxima calidade. Así son os viños que produce, elabora e embotella **Santa Marta**, unha bodega familiar situada no concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras que sabe extraer o mellor das variedades de uva mencia e godello. Dende 1997, e baixo a marca **Viñaredo**, Bodegas Santa Marta comercializa uns viños cuxa calidade vén avalada polos numerosos premios conseguidos nos últimos anos a nivel nacional e internacional. Das cepas que a bodega ten na aldea de Córrego, a 600 metros de altitude, saen a día de hoxe máis de 250.000 botellas que son distribuídas por boa parte de España, Europa e tamén nos EE.UU, Xapón, China, Canadá e México. Cada unha delas recolle a esencia dunha terra, a de Valdeorras, que a día de hoxe é un exemplo en canto a calidade e respecto pola planta e os seus froitos. Baixo esa máxima produce Xosé Guitián, propietario de Santa Marta, o seu Mencia Viñaredo, Godello Viñaredo e Sousón Viñaredo. A bodega tamén elabora viño de barrica. Todos os caldos se integran na Denominación de Orixe Valdeorras.

A traxectoria dunha filosofía vinculada á terra



Dende que está presente no mercado, **Bodegas Santa Marta** persegue un obxectivo claro: lograr o máximo rendemento e a máxima calidade das cepas herdadas polos seus antecesoros, algo que só é posible aplicando a máxima precisión en cada un dos procesos e que comeza co respecto polas propias plantas. A adega traballa coas variedades autóctonas Mencia e Godello, nadas de cepas con máis de 50 anos que xa traballaban os avós do actual propietario. Froito do compromiso coa terra é o esforzo que se fixo dende Bodegas Santa Marta para recuperar a uva Sousón, a variedade máis antiga de Galicia e que hoxe permite producir 1.800 botellas dun viño que leva o mesmo nome. Á boa materia prima e aos coñecementos herdados e adquiridos ao longo dos anos súmanse as novas formas de viticultura e a innovación tecnolóxica. Unha vez que a uva chega á bodega, todo o proceso de elaboración do viño é realizado coa máxima precisión, algo imprescindible para sacar ao mercado caldos con garantía de calidade. En esencia, Bodegas Santa Marta ofrece o mellor da tradición e da innovación partindo sempre do compromiso coas terra de Valdeorras, onde o viño cobra a súa máxima expresión.

Distribuidora na comarca

Dende o ano 1.999 Distribuciones Deza reparte os viños de Bodegas Santa Marta nun amplo territorio do centro de Galicia. Con sede en Lalín, distribúe tamén en Melide, Pals de Rei e Agolada. Ademais destes viños mencia e godello, a empresa tamén distribúe Rioja, Ribera del Duero e unha ampla gama de aceites. Nestes 14 anos, con Esther Blanco á fronte, Distribuciones Deza ganou a confianza dos hostaleiros máis esixentes.



Xosé Guitián, propietario de Bodegas Santa Marta; Esther Blanco, propietaria de Distribuciones Deza, e Julio, empregado.

Deza Distribuciones

Distribuidor oficial

RIOJAS	MENCÍAS	ALBARIÑOS
LAN	VIÑA DE NEIRA	SANTIAGO RUÍZ
LAN	MENCIÑO	SEGREL
EDICIÓN LIMITADA	VIÑAREDO	AS LAXAS
VIÑA LANCIANO	LADAIRO	GODELLOS
MARQUÉS DE MURRIETA	VAL DE QUIROGA	VIÑAREDO
CULMEN DE LAN	VEGA DEL CUA	MOZA FRESCA
CUNE	RIBERA DEL DUERO	VIÑA DE NEIRA
LAMBRUS	ZARZUELA	LADAIRO

Calle E, nº 3 (Praza da Mariña)

Tlfs: 986 782 151 - 654 560 159 (Julio) / Fax: 986 782 152
36500 LALÍN - Pontevedra



O d'PEQUE

Rúa Principal, 6 - MELIDE
Tel: 696 77 41 63

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial
Móvil: 678 543 240

Polígono Industrial do Tambre
 Vía Galileo, 9
 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 www.eruom.com

Tel. 981 519 999
 Fax. 981 519 191
 comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja

Allende
 Muga
 Obalo
 Arnegui
 Azpilicueta
 Rioja Bordón
 Ramón Bilbao
 Marqués de Terán
 Marqués de Riscal

D.O. Ribera del Duero

Tarsus
 Prado Rey
 Cruz de Alba
 Condado de Oriza
 Dominio de Atauta
 Pago de los Capellanes

D.O. Rueda

Naia
 Montebanco

D.O. Ribeiro

Viña Costeira

D.O. Vinos de Madrid

Tagonius

D.O. Somontano

Pirineos

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

Vinos del mundo

Argentina, Australia,
 Chile

D.O. Navarra

Castillo de Javier
 Palacio de la Vega

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

D.O. Toro

Fariña

V.T. Castilla y León

Dominio DosTares
 Viñas del Cénit

V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta
 La Ossa
 Pago del Vicario

D.O. Rías Baixas

Nora
 Lusco
 Veigadares
 Terra D'Ouro
 Viña Sobreira
 Mar de Frades
 Señorío de Sobral

D.O. Valdeorras

Galgueira

D.O. Ribeira Sacra

Pincelo & 1985

Champagne

Perrier Jouët

Aceite ArteOliva

Agua Solán de Cabras

Pizzería - Cafetería
O Zampón



PIZZAS
 RACIONES
 HAMBURGUESAS
 PERRITOS
 SANDWICH
 ENSALADAS
 ETC...

Servicio a Domicilio - Telf.: 981 507 585
 Rda. de Pontevedra, 111 - MELIDE (A Coruña)



CasaQuinzan
 RESTAURANTE

Comedores privados.
Reservas para grupos.
Comidas y cenas para empresas.
Menú del día (lunes a viernes).



Tfno.: 981 505 325 - Rúa do Convento, 7
15800 MELIDE (A Coruña)
restaurantecasaquinzan@gmail.com

Merecida homenaxe do pobo de Melide a uns gaiteiros irrepetibles

Son lenda, historia, un exemplo a seguir e un espello no que mirarse. A súa singularidade e prolífica carreira foi recoñecida innumerables veces en vida. Agora, a título póstumo, os recoñecementos non deixan de chegar para Os Garceiras, os gaiteiros melidenses máis universais. O último deles, a Medalla de Melide, que a corporación municipal acordou conceder por unanimidade “en homenaxe e agradecemento á súa traxectoria e ao labor feito a prol do concello”.

A entrega realizouse, como é tradicional, no salón de sesións do consistorio en coincidencia coa celebración do San Pedro, patrón de Melide. Ao acto asistiron familiares dos homenaxeados e numerosos veciños que quixeron participar “dun día emotivo e de lembranzas no que afloran os sentimentos”, como definiu a alcaldesa do municipio, Ánxeles Vázquez, quen se referiu aos Garceiras como a clase de persoas “que loitaron por algo



Carmen Mato, filla de Gabriel, recibe a medalla de mans da alcaldesa

do que nos sentimos orgullosos, a nosa vila”.

Trala lectura dunha breve reseña sobre a traxectoria dos gaiteiros, procedeuse á imposición da medalla, que recibiu Carmen Mato, a filla de Gabriel, un dos irmáns Garceiras. Tamén se fixo entrega dun pinco escudo de Melide aos familiares de Arturo, Suso, Ramón, Xosé e Emilio, o resto de compoñentes da agrupación.

Rematado o acto, Carmen Mato manifestou sentirse “moi contenta e agradecida” pola homenaxe brindada a Os Garceiras. “Cando me dixeron que lles ían dar a medalla levei unha impresión moi grande”, asegurou, “isto merecían moitos gaiteiros, pero eles tamén”. Concluíu, emocionada, asegurando que seu pai se sentiría “moi orgulloso se puidese vivir este momento”.

A afinación perfecta, a tonalidade e a forza expresiva das súas gaitas facíanos recoñecibles alá por onde ían. Os Garceiras foron únicos; tamén polo feito de soste e divulgar durante catro décadas a cultura tradicional nos difíciles tempos da guerra e da posguerra. Deben o seu nome ao lugar da parroquia dos Ánxeles onde naceron os seis irmáns que darían vida ao grupo: Gabriel, Arturo, Suso, Ramón, Xosé e Emilio Mato Varela. As orixes remóntanse a 1934, cando comezaron a dar as primeiras notas musicais nuns vellos punteiros. Ao ano seguinte asinaron o seu primeiro contrato para actuar nas festas do Carme. Cobraron 12 pesos por tres días de actuación e deron inicio así a unha longa e fecunda carreira na que non faltaron numerosos premios, importantes colaboracións, viaxes por toda a xeografía galega e mesmo a suramericana, e a gravación dun disco en 1968. Nos anos cincuenta a emigración obrigou a marchar da terra a parte dos irmáns. O grupo deixará de ser exclusivamente familiar e irá incorporando outros músicos: Manuel Rúa, Xesús González, Santiago Cea de Furelos, Enrique dos Ánxeles, Antonio e Cándido Blanco, Xosé “de Martiño”, Antonio “Silvela”, Luís e Moncho Mato, Enrique “O Rubio” e Eduardo Costoya. Todos eles foron tamén parte do espírito dos Garceiras, os gaiteiros que marcaron un antes e un despois.



Cancelan o V Rali de Galicia histórico por falta de axuda das administracións



Anido e Ferreiro, vixentes campións de España e promotores do rally

Este ano non haberá rally de vehículos históricos na Terra de Melide. O comité organizador decidiu cancelar a proba, unha das máis importantes do campionato de España e prevista para os días 20 e 21 de setembro, ante a imposibilidade de reunir “uns mínimos económicos necesarios” para poder realizala con éxito.

Nun comunicado público difundido a través das redes

sociais, a organización do evento apunta á “falta de axudas e compromiso das institucións públicas” como causa directa da suspensión do rally. Máis concretamente, refírense á escasa implicación do Concello de Melide e ás “continuas negativas e incluso o silencio e o desprezo” dalgúns dirixentes locais. Acúsanos de facer “oídos xordos” ás peticións realizadas dende diferentes

sectores para que a proba saíse adiante e de dedicar “máis medios, interese e esforzo” a outros eventos de menor repercusión. Cualifican esta actitude de “inadmisíbel” tendo en conta o alcance “deportivo, mediático, turístico e sobre todo económico” que ten o rally para Melide e a comarca, cun impacto estimado de 242.000 euros.

Por outra banda, a organización aproveitou o comunicado para agradecer “o esforzo gratuito de moita xente” nas edicións anteriores e para invitar aos dirixentes locais “a tomar nota de que grazas a asociacións se poden levar a cabo grandes proxectos”.

O futuro do rally é incerto. O comité organizador non descarta realizar algunha actividade este ano para recadar fondos de cara a 2014. Non garante, de todos xeitos, que a proba siga realizándose en Melide “ante o interese amosado por outros municipios”.

As máis guapas e os mellores bailadores están en Melide



Dolores Valiño, Miss Melide e miss Galicia 3ª idade



Gerardo Buján, Mister Melide, e a concelleira de Benestar

O XX Festival Galego da Terceira idade, celebrado no melidense Cantón de San Roque o pasado 7 de xullo, pechou cun balance inmejorable para os intereses locais. Dolores Valiño, Miss Melide 2013, fíxose coa coroa á máis guapa de entre todas as xubiladas de Galicia. Por se fora pouco, outra veciña do concello, Trinidad Rúa, conseguiu aos seus 93 anos a banda de Miss Beleza. Non houbo tanta sorte para o representante melidense na categoría masculina, onde o título ao máis guapo

foi para José Panamá, veciño da Estrada de 84. Ademais do certame de beleza, tamén se celebrou o XX Campionato galego de pasodobres, no que resultou vencedora a parella de Furelos formada por María e Roberto.

Máis de 20 autobuses con maiores procedentes de Cedeira, Santa Comba, A Coruña, Boiro ou Ribadumia chegaron a Melide para participar nun festival marcado polas altas temperaturas e que contou actuación de Teté Delgado e Los Ciclones.

Antom Laia presenta *No Balouçar do vento*, un libro de poesía “ígneia”

Naceu na Rúa do Sol, barrio de albaneis e xornaleiros, e poucos metros máis abaixo, coas conversas das mulleres no lavadoiro, axiña había aprender o verdadeiro significado das palabras. Agora, con media vida camiñada, o melidense Antom Laia regresou ao lugar dos seus xogos para revelar de xeito pleno a súa condición de poeta e presentar *No balouçar do vento*, o seu primeiro libro.

Páxinas de poesía “cósmica, radical, plena e revolucionaria”, como definiu Xurxo Souto, artista poliédrico e por sempre Diplomático de Montealto, que viaxou “dende as Mariñas ata o corazón do bosque” para acompañar ao autor na presentación do poemario, celebrada en Casa Alongos.

No balouçar do vento é un libro con raíces na experiencia erótica que sitúa os amantes no centro do universo e parte do amor como elemento que define as persoas. “Só a plenitude da experiencia erótica coa amada/o nos dá a dignidade e nos permite mirar en fite a



Xurxo Souto, Antom Laia e Xosé Tomás

realidade”, comentou Xurxo Souto, para quen os versos de Laia son “paixón, ígneia erótica”. Reforza a intensidade das palabras “o esplendor formal da obra e o dominio da técnica poética”, que para o autor non é tal senón o resultado da súa concepción da poesía como algo “vivencial”.

Como ilustrador de excepción, Xosé Tomás púxolle imaxe con trazos frescos a unha poesía “demoledora e directa á que non se lle podía

engadir nada máis”. Un traballo especial para Tomás por supoñer o reencontro con quen fora o seu mestre anos atrás e quen é na actualidade o pai dun dos seus alumnos.

No marco do proxecto cultural que tamén representa Casa Alongos, a presentación do libro estivo acompañada duns viños do ribeiro que incorporan a uva silveiriña e que aínda están por saír ao mercado. Poesía, viño e a lúa chea de San Xoán.

Villamor consegue para a esgrima galega o primeiro ouro nun Nacional

Por se alguén tiña dúbida de que a Escuela Ayude está dando unha canteira de excepcionais competidores, os alumnos do centro melidense encargáronse de demostralo unha vez máis. Desta volta foi no Criterium Nacional de Esgrima M-10 e M-12 celebrado a mediados de xuño no madrileño concello de Pinto, onde Marcos Villamor logrou o que nunca antes ninguén conseguira para a esgrima galega: un ouro na modalidade de espada nun campionato nacional.

O director da sala de armas melidense, José Ayude, destacou que vitorias como a de Marcos Villamor “fan asentar a escola como un referente deportivo de calidade en toda Galicia”. Ao mesmo tempo manifestou que “é un orgullo e un honor poder aportar promesas á esgrima galega”.

Na competición tamén fixeron un bo papel outros



Marcos Villamor co título e o brazaete de campión de España

dous alumnos da Escuela Ayude: Rubén Simón conseguiu a posición número 35, un bo resultado tendo en conta que participaron case 100 deportistas e que era o seu primeiro campionato de España. Nahum Ayude, malia quedar primeiro de grupo, non puido meterse na fase final.

Ámbolos dous deportistas,

xunto con outros compañeiros de adestramento, foron premiados na III Cena-gala do deporte que a Escuela Ayude celebrou no Hotel Carlos 96 para poñer fin ao ano deportivo. Alí José Ayude manifestou a súa intención de saltar á competición nacional na disciplina de taekwondo e de incorporar outra nova para o ano.

“O TEATRO NO CAMIÑO” II CICLO DE TEATRO AFECCIONADO Asociación Cultural Charamela

Actuacións na Praza do Convento de Melide:

13 de xullo (21:30 h.)

BIBLIOTECA
(Antas de Ulla)
“A vida de Brian”

21 de xullo (20:30 h.)

OS CHAOS DA BALADA
(Visantoña)
“O ferreiro de Santán”

27 de xullo (21:30 h.)

PINCHACARNEIRO
(Lugo)
“Os perseguidores de soños”

28 de xullo (20:30 h.)

FALCATRUEIROS
(Monterroso)
“Crimes exemplares”

1ª Concentración Moteira

Preto de 2.000 motos, segundo a organización, pasaron por Melide ao longo dos tres días que durou a primeira concentración moteira da vila. O show acrobático dos pilotos portugueses Nelson Pina e Jacque Stunt foi a actividade máis concorrida dun evento promovido polo club moteiro local Millí Riders que xa ten garantida a celebración dunha segunda edición. Os membros da organización lamentan que a concentración non tivese para o sector da hostale-




ría toda a repercusión que se agardaba: “fixémola coa mellor intención, para que resultase beneficioso para todos, pero parece ser que non foi así”.

Aniversario do Pub Modell

Parece que foi onte cando abriu as súas portas e o Pub Modell de Melide xa cumpriu o seu terceiro aniversario. Non faltou a festa de rigor para celebrar tan especial data e para dar as grazas aos mozos e mozas que acoden cada fin de semana a este local da movida melidense onde a diversión sempre está garantida.





cafeteria
cerveceria

INAUGURACIÓN

A finais do mes de xuño abriu as súas portas a cafetería e cervexería M-40. Situada a carón do Cantón de San Roque, nunha das zonas máis céntricas e transitadas da vila, este novo establecemento perfílase como a mellor opción para gozar do tempo de lecer. Cunha estética de vangarda, terraza exterior e unha atmosfera acolledora, o bo servizo e a mellor das atencións veñen garantidas da man de Gustavo e Conchi e os seus moitos anos de experiencia á fronte dunha das cafeterías máis coñecidas de Melide. M-40, o lugar ideal para a tranquilidade dun café, a conversa da sobremesa e o brinde cos amigos.

Cantón de San Roque, 40 - MELIDE
TLF: 981 50 73 44

Conchi e Gustavo



Os avós e as súas circunstancias

Xosé Núñez Lopez

Cando un xornalista de súperto lle preguntou a Ortega y Gasset “vostede quen é?”, a resposta do grande escritor tampouco se fixo esperar: “eu son eu e a miña circunstancia”. Se collemos como exemplo algo que se puxo de moda non hai moito tempo, o feito de levar pancartas co lema de “Todos somos...” para defender a algunha persoa ou para solidarizarse con ela, debemos pensar de acordo co gran literato que todos somos nós e as nosas circunstancias.

Así pois, unha vez xustificando o título deste artigo, que tratará dos avós e as súas circunstancias, diremos que o próximo 26 de xullo se celebran as festividades de San Xaquín e Santa Ana, avós de Xesús de Nazaret. Por este motivo quedou instituído non hai moitos anos que esta data fose o Día dos avós, e por iso debullaremos agora algunha das tantas veces repetidas circunstancias dos avós.

No primeiro termo quero reivindicar a figura do avó (perdón, porque é un avó o que escribe) dentro da familia e da sociedade. Os avós deben seguir vinculados ao ambiente no que viviron, enriquecéndoo coa súa experiencia de testemuñas do pasado e actuando como inspiradores de sabed-

ría para as novas xeracións. O negativo sería que este día, de indubidable valor sentimental, se convertera (como ocorreu con outros semellantes) nun negocio comercial. Non debemos esquecer aquel sabio proverbio que di: “a ancianidade precisa moi pouco, pero ese pouco necesítalo moito”.

A soidade, que vén sendo a falta de comunicación padecida por un bo número de anciáns dentro do seu entorno familiar e de amizades, é un factor moi negativo para a calidade de vida destas persoas. A única menciña capaz de curar este mal é simplemente ter a suficiente paciencia para escoitalos con afecto e apoialos nas súas carencias e vicisitudes.

Chegados a este punto

temos que facer referencia á Constitución española, na que se recoñece o dereito á protección da saúde e onde se di que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública. En relación coa terceira idade determina que deben promover o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenda aos seus problemas específicos de saúde. A Constitución tamén establece que os poderes públicos garantirán mediante pensións adecuadas, e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica dos cidadáns durante a chamada terceira idade. Por iso hoxe quero rematar pedindo paciencia, consideración e respecto para os avós.



O salmón (*Salmo Salar*): O gran viaxeiro (II)

Xavier Pazo, Asociación “Río Furelos”

Na área do Atlántico próxima a Inglaterra foron capturados salmóns que vinte días antes foran marcados a máis de 700 km de distancia en Francia, na desembocadura do río Adour. Isto implica que polo menos en mar aberto recorren uns 26 km diarios, o que nos dá unha idea da súa capacidade viaxeira. Durante a estancia no mar comen con grande apetito todo tipo de peixes e crustáceos. Neste medio crecen tan rápido que en menos dun ano xa triplican a súa talla.

As escamas que se forman por superposición de capas concéntricas permiten facer un estudo e apreciar a diferenza de crecemento entre períodos transcorridos no río e no mar. Deste xeito podemos comprobar que os aros de crecemento son diferentes no grosor: os máis anchos coinciden co desenvolvemento rápido e corresponden á estancia do salmón no mar. Os estreitos corresponden á estancia no río e mostran un crecemento lento. Cando un salmón non volve ao río para desovar e queda no mar o resto da súa vida, alcanza as maiores tallas, podendo chegar a medir 1,60 cm de largo e pesar máis de 35-40 quilos.

Aínda é máis notoria a

diferenza de crecemento que ollamos entre a temporada estival e o inverno. Durante o verán o alimento é abundante e crece moi rápido; polo contrario, no inverno o seu crecemento é lento e come pouco. Como consecuencia, as escamas presentan zonas anchas e estreitas que serven para determinar a súa idade. No primeiro ano da súa vida no mar os machos medran moito máis rápido cás femias, pero logo o seu crecemento é paralelo. De todos os xeitos, os machos acostuman a ser maiores que as femias.

Algúns científicos afirman que o feito de que os salmóns vivan en zonas profundas explica que non existan no Mediterráneo. Ademais disto, hai que ter en conta que as augas deste mar son máis cálidas e os ríos que verten nel non ofrecen condicións apropiadas para o desenvolvemento. Todo indica que a cor rosada da carne do salmón é consecuencia da súa alimentación (come crustáceos, especialmente unha gamba abisal que contén un pigmento de cor vermella). As tonalidades diferentes, máis vivas no macho ca na femia, e as distintas morfoloxías do aparato bucal, permiten distinguir os sexos do salmón.

Software libre contra Prisma

Rafael Rodríguez Gaios, presidente de Melisa

Grazas á publicación de documentos segredos por parte do extraballador da CIA, Edward Snowden, contamos coas probas de que o goberno estadounidense vivía a miles de usuarios de internet. A axencia de seguridade NSA, conta coa colaboración de multitude de empresas de servizos, tales como Skype, Google, Apple ou Facebook, que permiten o acceso aos datos almacenados nos seus servidores. A opción de deixar de utilizar estes servizos parece difícil de conseguir, polo que imos propoñer os seguintes consellos:

1. Cambia de navegador, e comeza a utilizar Mozilla Firefox. O uso de complementos como “Do No Track” evita o

rastreio da nosa actividade na rede.

2. Utiliza un buscador alternativo. Os tres principais buscadores, Google, Bing e Yahoo!, almacenan información relativa ao noso ordenador para saber dende onde se executan as buscas. Aconsellamos o uso de buscadores como DuckDuckGo, ou StartPage que non rexistren o enderezo IP do noso ordenador.

3. Novas redes sociais. Non hai moitas alternativas a Facebook ou Google+, pero algunhas están medrando en número de usuarios, como Diaspora. A opción española é Lorea, que desenvolvida por hacktivistas, permite crear redes para pequenas comu-

nidades.

4. Aínda que Twitter non aparece na lista de Snowden, pode ser un bo momento para instalar AnonTwi.

5. Cambia de xestor de correo electrónico, e instala Thunderbird no teu ordenador, que permite cifrar as mensaxes de correo con Enigmail.

6. Pásate a aplicativos de mensaxería instantánea como Pidgin, que co seu complemento OTR, permite o cifrado das nosas mensaxes, evitando que poidan ser interceptadas.

Se aínda queres máis, a Free Software Foundation dispón dunha serie de aplicativos para complicarlle o traballo a Prisma.

[<http://is.gd/DmP3Fz>]



**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade**
Rúa San Pedro, 16
MELIDE

Agora tamén xeados artesáns

Tenda: 981 505 723 - Queixería: 981 510 702
Balada - Visantóna (SANTISO)
xebretenda@gmail.com

LILA QUINTEIRO, TU BOUTIK

“Temos gamas básicas para cabaleiro cun toque distinto e acorde coa moda”

Acumula varios anos de experiencia no sector da moda pero afronta como un reto novo e interesante o feito de rexentar o único comercio con roupa para noivos que existe na comarca. Especializado tamén en todo tipo de prendas para cabaleiro, Tu Boutik é o novo proxecto de Lila Quinteiro,

defensora das liñas clásicas pero actuais e incansable fonte de ideas para quen busque o seu consello á hora de vestir. Respectuosa co estilo de cada quen, anima a “ver, probar e contemplar todas as posibilidades”; unha filosofía de traballo que converte a súa tenda nun universo de opcións.

-Hai só oito meses que abriu a tenda pero en pouco tempo xa introduciu moitos cambios...

-Lila Quinteiro (L.Q.): Si, é a forma de avanzar. Intento afondar cada vez máis no que a roupa de cabaleiro se refire, que é a miña especialidade, e sobre todo nas prendas para cerimoniais. Todo iso pensando sempre nun cabaleiro clásico, o que non quere dicir un cabaleiro maior. Hoxe en día a xente xa non se clasifica pola idade, senón polo xeito de vestir, polo estilo. A liña clásica é a que traballa Tu Boutik; tanto en americanas como en pantalóns, parcas, prendas de punto, camisas... Unha das últimas novidades é que incorporei algunha cousiña para muller: pantalóns vaqueiros e prendas de punto de Montoto.

-Ao cliente cústalle saír do clásico?

-L.Q.: Eu considero que non é preciso saír do clásico, porque ofrece infinitas posibilidades para combinar. Moita xente asocia o clásico ao antigo e iso é un erro. A roupa clásica é a de fondo de armario, a que sempre se leva. Partindo de aí, vai cambiando cos tempos: incorporando novos pescozos, puños, raias, diferentes cores... Esa é a roupa que temos en Tu Boutik; gamas básicas cun toque distinto e acorde coa moda. No que se refire á roupa do día a día busco que o cliente vaia cómodo e práctico, aínda que é certo que o animo a que varíe. Non lle vou dicir que leve un pantalón de vestir se anda sempre con vaqueiros, pero trato que probe un pantalón de loneta para que se vaia vendo con cousas diferentes. Hai que variar.

-Tamén fai o mesmo cos traxes de noivo e a roupa



Lila Quinteiro posa xunto a un dos manequíns da súa tenda

de cerimonia?

-L.Q.: Si. Case todos chegan aquí dicindo que queren ir de negro. Con toda a variedade de cores que hai! Eu empézolles a ensinar todo o que teño e ao final ao mellor acaban por ir cun gris claro ou un azul con brillo. Gústame que proben, que se vexan, que contemplen outras posibilidades. Tamén estou metendo garabatas moi distintas, panos, chalecos cruzados cun toque diferente...

-Son moi importantes os complementos?

-L.Q.: Son fundamentais. Un simple pano, ca súa flor combinando, queda fantástico. As corbandas destacan moito. Son garabatas moi anchas cun nó especial que fan un frunce moi bonito. Acostuman a ser reversibles e dan moito xogo. Logo están os chalecos, os xe-

melgos, as garabatas clásicas en infinidade de cores e modelos... os complementos marcan a diferenza. Eu busco que o noivo vaia a gusto, porque non procede que se sinta incómodo ese día. Pero ver un noivo que vai coma o resto dos convidados tampouco pode ser... Se a noiva é a raíña, el ten que ser o príncipe.

-Cal é o consello que máis veces ten que repetir ?

-L.Q.: Que se sinta cómodo co que leva e que se vexa ben dentro do traxe. A roupa da voda non é coma unha camisa que podes cambiar ao día seguinte se non che gusta. Eu vexo que o home cando vai casar está máis nervioso cá muller. Chegan á tenda moi tensos e o primeiro que fago é darlles conversa para que se relaxen e se sintan a gusto.

-Tu Boutik é o único comercio para noivos que hai na zona. Leva iso como unha responsabilidade?

-L.Q.: Responsabilidade ningunha. Lévoo con moito cariño e moita paciencia. Non se pode atender un noivo e á media hora estar con outra persoa; ao noivo hai que dedicarlle parte da mañá ou parte do día. Este é un negocio para mimar as persoas e a prenda. Non só se trata de vender.

-Aínda que xa ten experiencia no sector, supoño que está a aprender moito...

-L.Q.: Por suposto. A min o mundo da moda e do comercio sempre me gustou: crear, combinar, buscar cousas novas. Fascíneme e non me importa dedicarme a iso plenamente, pero é certo que tiven

“Busco que o noivo se sinta cómodo e que ao mesmo tempo destaque sobre os invitados”

“Considero que non hai que fuxir do clásico; ofrece unha morea de posibilidades para combinar”

que aprender termos novos, aprender a facer nós das corbandas... moitas cousas. Son pequenos detalles de grande importancia. Ao levarche idea e gustarche, non che importa dedicarlle horas. Ás veces cando te das de conta perdistes unha mañá buscando novidades ou aprendendo a que o nó dunha corbanda quede perfecto. Para min internet era unha novidade, algo descoñecido, e agora é unha ferramenta fundamental para aprender como colocar unha flor, un pano, para buscar casas comerciais e estar ao tanto das tendencias ou das maneiras de combinar un traxe.

TU BOUTIK

Rda. de Pontevedra, 61

Tlf: 881 95 63 94

